

XALLAS

Boletín anual de Xallas Santa Comba SCG



XALLAS

Boletín anual de Xallas Santa Comba SCG



PRESENTACIÓN:

POLO EQUIPO XALLAS

Neste boletín queremos transmitir as accións levadas a cabo e os novos proxectos dentro do marco da cooperativa Xallas.

Na Xallas vimos desenrolando ó longo do ano accións para a mellora competitiva dos nosos clientes e da propia cooperativa, tanto a nivel fábrica coma nos diversos servizos que damos. Estas accións non sempre son coñecidas por todos os socios e socias; a idea é dalas a coñecer e que todo o mundo relacionado coa cooperativa poida beneficiarse delas se o precisa.

Esperamos sexa do voso agrado como lectores, e vos achegue moito máis ó día a día da Xallas. Unha aperta!!!



NESTE NÚMERO:

- DELAGROS
- REFORMA DA FÁBRICA
- AS PLACAS SOLARES
- AMPLIACIÓN DE SERVIZOS
- O SÚPER DA XALLAS
- PEQUENOS CAMBIOS DE IMAXE
- NOTICIARIO

DELAGROS:

Comenzamos o ano coa implantación definitiva dun programa de xestión, ERP, que pon á Xallas ó nivel dos últimos avances en programas de xestión empresarial.

O necesario cambio a nivel administrativo da cooperativa comeza a tomar forma no ano 2018. Tras moitas horas de adaptación, volcado de datos e revisións unha e outra vez para asegurar que todo estivera ben, en xaneiro comezamos a traballar exclusivamente co novo programa; un **programa moderno**, unha ferramenta para ordenar, xestionar e traballar nos datos que reflicten a realidade da cooperativa. O equipo administrativo fixo un grande esforzo, e a día de hoxe está moi implicado na mellora continua do programa. En pouco tempo disfrutaremos de novos avances como unha app para pedidos e un CRM no equipo comercial.

MONTSE

DEPARTAMENTO DE ADMINISTRACIÓN.
RESPONSABLE DE VENTAS, XALLAS SANTA
COMBA SCG.



¿Que cambios supón Delagros na túa tarefa diaria?

- Despois dun ano e medio traballando con Delagros na nosa empresa, podo dicir que é un programa que o principio nos costou un pouco porque era algo novo para nós. Tivemos que ir actualizando os datos pouco a pouco: socios/clientes, provedores/ acredores, artigos, tarifas,... desta maneira foi o mellor para todos á hora de seguir traballando.

En temas de facturación e cobros, que é do que eu son responsable, fun cambiando e modificando pequenas cousas que a día de hoxe me axudan. Sei que aínda me queda moito por aprender, pero pouco a pouco!!

Non é un programa nada monótono, ao contrario, sempre estamos aprendendo cousas novas no seu funcionamento, e desta maneira sempre fas cousas diferentes.

¿Que posibilidades pode darlle á cooperativa traballar cun programa así?

- Unha das posibilidades máis importantes que nos está ofrecendo o programa son os cambios, actualizacións e modificacións que se van facendo cada certo tempo de cara a facilitar e mellorar no noso traballo.



REFORMA DA FÁBRICA:

Co novo programa de xestión fanse unha serie de reformas a nivel electromecánico na fábrica que permiten unha xestión integral da parte de produción e a de administración, facilitando o control de estocaxes, control de calidade e o proceso de fabricación en sí mesmo; todo isto engloba e mellora a **trazabilidade** da fábrica.

Na primeira semana de abril facemos unha parada técnica coordinada polos compañeiros de fabricación e coa axuda e colaboración de todos os soci@s e clientes. O proceso transcorre con éxito, e tres semanas despois estamos a pleno rendemento.

Estes cambios fan a Xallas máis **áxil nos procesos**, e favorece o aproveitamento das horas de traballo tanto da fábrica como do persoal. Ser máis áxiles permítenos manter un moi bo servizo de entrega de pedidos e crecer un pouco en fabricación e venda de piensos. Todo canto implique unha mellora nos procesos de fabricación fainos máis **eficientes**.

Durante os últimos meses Xallas conseguiu manter uns prezos nos insumos moi competitivos. Levamos un ano complexo polo ascenso nos prezos da materias primas, combustibles, abonos e outros produtos necesarios para a actividade agrícola e gandeira. Son tempos nos que é case imposible facer predicións, pero o pouco que asoma non parece mellorar o momento actual. Áxil é sinónimo de eficaz e no noso caso ser máis eficaces permítenos dar **estabilidade** de prezos aos nosos clientes.

PACO

ALMACÉN. RESPONSABLE DE FABRICACIÓN,
XALLAS SANTA COMBA SCG.

¿Como ves as novas reformas no proceso de fabricación?

- Todo o que sea investir na produtividade da fábrica é bo, tanto para nós como para os soci@s.

¿Que vantaxes nos dan como fabricantes?

- Melloramos en visualización do proceso de fabricación, carga de camiós e algunha automatización que mellora os tempos de fabricación.



AS PLACAS SOLARES:

Para facer a fábrica máis eficiente no consumo de enerxía instálanse unhas placas solares no teito do almacén. Comezan a xeran enerxía en abril; este recurso permitirá aos soci@s de Xallas ter unha fábrica máis **rendible** e **sostible** co medio ambiente.

Aproveitando a necesidade de reparacións nos teitos da cooperativa, cámbiase a minionda translúcida por unas placas de pvc que permiten un mellor paso da luz natural do día, diminuíndo as horas de iluminación artificial.



SANTI

ENCARGADO DE MANTENIMIENTO, XALLAS
SANTA COMBA SCG

¿Que implican as placas solares para a fábrica?

- implican un aforro enerxético anual de entre un 15 e 20% aproximadamente de enerxía eléctrica.

¿Que suporá no futuro inmediato esta mellora?

- esto suporanos ser máis eficientes en custos de produción e á vez máis competitivos en prezos no mercado de cara aos clientes.



AMPLIACIÓN DE SERVICIOS:

Nos últimos tres anos dende a cooperativa apóstase pola expansión a nivel servizos nas granxas. Ao servizo de alimentación, reprodución e asesoramento, súmase o servizo de substitución e o servizo de calidade de leite, xunto coa ampliación do servizo de maquinaria.

O **servizo de substitución** vén da man da empresa Monte do Gozo. O seu xerente, Manuel, chega a un acordo de colaboración con Xallas para dar un servizo moi demandado na actualidade. No día a día da granxa este servizo brinda a posibilidade de poder ter días libres sen o compromiso da contratación dun operario de forma permanente. A empresa Monte do Gozo dá unha cobertura total ás tarefas da granxa con tódalas garantías a nivel legal ante calquera accidente ou imprevisto que puidera acontecer durante o servizo.

Por outra banda, o **servizo de calidade do leite** está acordado coa empresa PS Vet. Esta empresa conta con anos de traballo no campo e un nutrido grupo de profesionais que aporta moito valor e capacidade de asesoramento na tarefa de muxido. Tanto na sala coma no manexo en granxa, o grupo de Alejandra e Iván ten ampla experiencia e recoñecemento no noso sector.

Nos pasados anos ampliouse o noso **servizo de maquinaria** cunha abonadora suspendida e un tractor. Coa incorporación no mes de xaneiro dun novo operario, Javier, faise unha aposta polo crecemento nos **servizos agrarios** da Xallas. Javier e Enrique son os eixos dun servizo que pouco a pouco vai sendo un referente dentro da cooperativa.

Aos traballos de encalado, abonado, sembra e aplicación de fitosanotarios, xunto co servizo técnico que asesora o gandeiro a pé de campo, concentran o traballo de base: a terra. A boa preparación das terras, unha boa elección da semente, os abonados e coidados sanitarios e un bo manexo no momento do ensilado, aumentan o rendemento dos cultivos que serán a base da alimentación na granxa.

De cara ao próximo ano en moitas explotacións gandeiras será fundamental contar cunha boa base forraxeira que permita non ter tanta dependencia de insumos externos. Os piensos compostos e forraxes adquiridos alcanzaron neste ano prezos elevados; de cara ó futuro máis inmediato esta situación manterase, facendo imprescindible ter uns bos forraxes propios, tanto en cantidade como en calidade, para conseguir manter a produción baixando as compras de alimento foráneo.



O SÚPER DA XALLAS:

O noso súper viviu este ano un pequeno cambio estético. Pouco a pouco incorporamos novos produtos e damos máis espazo a aqueles que se van facendo máis importantes nestes días como a alimentación das mascotas, a roupa de traballo e as ferramentas da horta e o fogar.



MUCHA

ECONOMATO XALLAS. RESPONSABLE
COMPRAS TENDA, XALLAS SANTA COMBA
SCG.

¿Como ves os cambios no súper?

- Son bos os cambios tanto a nivel estético como a nivel de traballo. O eliminar algún produto que nos rotaba queda máis espazo para dar máis visibilidade a outros.

¿Que posibilidades de mellora terá cara ó futuro?

- Gustaríanos ampliar produtos como roupa de traballo ou alimentación e pronto facer unha sección de horta para pequenos agricultores e xardín.



PEQUEÑOS CAMBIOS DE IMAXE:

As redes sociais da cooperativa teñen xa un notable número de seguidores que permiten unha boa pegada da información. Novas importantes do entorno cooperativo, anuncios e pequenas promocións, salen da cooperativa pola canle de Facebook, Instagram e LinkedIn. O próximo será darlle un novo aspecto a páxina web, e ampliar canles vía Youtube e Tiktok.

Arrincamos o ano alargando o noso lema cun moi sentido "sempre a carón de vós". Esta frase é unha forma de recordar que sen os soci@s a cooperativa non existe, perde todo o seu sentido; para facelo chegar dunha forma moi visual rotúlase con ela o novo camión de reparto.



FACEBOOK: XALLAS SANTA COMBA SCG



INSTAGRAM: XALLAS_SCG



LINKEDIN: XALLAS SANTA COMBA SCG

NOTICIARIO:

- Neste ano 2021 xubiláronse dous traballadores de Xallas, José Casais Miramontes "O Alemán" e Jose Antonio Collazo Fariña "Collazo". **Dende Xallas transmitir todo o agradecemento polos anos de servizo prestados a nosa cooperativa.**

- No 2021 temos dúas incorporacións, Susana Senra en administración e Javier Touriñán no servizo de maquinaria. **Todo o apoio aos novos compañeiros no seu inicio e o desexo dunha longa e produtiva andadura na cooperativa.**

- En novembro de 2020 iniciamos os concurso "Calendario Xallas". Concurso de debuxo, dirixido aos peques da comarca, no que o debuxo gañador será a imaxe do calendario do ano seguinte. **Neste 2021 convocaremos a segunda edición, con moita ilusión de lograr unha ampla participación.**

- Dende 2018 Xallas colabora con entidades do entorno próximo. Especial mención ten a colaboración con EFA Fonteboa de Coristanco. Este ano acollemos un alumno deste centro en prácticas e participamos en diversos eventos e charlas formativas relativas ó sector.

- Por mor do COVID tivéronse que suspender as clases de pilates que se viñan impartindo dende o verán de 2019 no salón de actos da cooperativa. Contando cunha boa evolución da situación sanitaria, **este verán tentarase voltar a poñer en marcha un novo grupo de clase.**



CONTIDOS E IMAXES ELABORADAS POR SARA GRACIA CARBAJO, RESPONSABLE DE SERVICIOS TÉCNICOS E COMUNICACIÓN , XALLAS SANTA COMBA SCG.

AS FONTES DE TODAS A IMAXES E OS CONTIDOS SON DE ELABORACIÓN PROPIA.

AGRADECIMENTOS:

QUERO DAR AS GRAZAS A TODOS E TODAS OS COMPAÑEIR@S POLA VOSA AXUDA NA ELABORACIÓN DO PRIMEIRO BOLETÍN XALLAS.

